

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se fai pública a quinta ampliación de créditos asignados ao Plan Remóvete para a substitución de vehículos en Galicia.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión que tivo lugar o día 2 de xuño de 2009, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape ás pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia).

Mediante Resolución do 30 de xuño de 2009 procedeuse á publicación das ditas bases así como á publicación dos créditos asignados (DOG número 130, do 6 de xullo).

Na reunión do Consello de Dirección do Igape, que tivo lugar o 28 de xullo de 2009, acordouse a habilitación ao director xeral do Igape para que proceda, mediante resolución, a ampliar os fondos do dito programa en función do crédito dispoñible, se se considerase conveniente.

Visto o número de solicitudes, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Ampliar por quinta vez o crédito dispoñible en 1.750.000 € adicionais, con cargo á partida orzamentaria 02.02 E4/10/04-656 do ano 2009.

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se fai pública a modificación do programa de préstamos para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI), feito público mediante Resolución do 16 de marzo de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 58, do 25 de marzo).

O 30 de xaneiro de 2009, o Igape e o Banco Europeo de Investimentos (BEI) asinaron un contrato denominado *Igape Loan for SMES I*, consistente nun préstamo global de 200 millóns de euros, para dis-

poñer nun ou varios tramos, que está sendo destinado ao financiamento de investimentos empresariais das pemes en Galicia mediante a concesión por parte do Igape de préstamos ás empresas ao abeiro dun programa de préstamos feito público mediante Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG número 58, do 25 de marzo).

Por iniciativa do Banco Europeo de Investimentos, o Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 15 de xullo de 2009, acordou unha modificación para permitir que ata un 30% do importe do préstamo obxecto do contrato de financiamento poida ser destinado a proxectos promovidos por empresas (sexan pemes ou non) do sector do automóbil, coa condición de que para cada proxecto non se exceda o custo total de 25 millóns de euros e que a afectación dos fondos sexa previamente aprobada formalmente polo BEI.

Ante a situación actual do sector do automóbil, e debido á súa importancia socioeconómica para Galicia, resulta de interese apoiar o financiamento dos proxectos de investimento das empresas do sector que non cumpran os requisitos para seren consideradas PEME.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Primeiro.-Engádesse a seguinte disposición adicional ao programa de préstamos para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI), feito público mediante Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG número 58, do 25 de marzo de 2009):

«Disposición adicional

O Igape poderá aprobar operacións de préstamo ata un importe conxunto de 60.000.000 € (30% do importe do préstamo global suscrito co BEI) destinadas a proxectos promovidos por empresas (sexan pemes ou non) do sector do automóbil. Cada proxecto obxecto de préstamo non poderá ter un custo total superior aos 25 millóns de euros. As ditas operacións de préstamo terán que ser previa e formalmente autorizadas polo BEI».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica